



**CAPITAL MONETARIO:** suma de diñeiro que aportan os empresarios para montar unha empresa.

**CAPITAL HUMANO:** conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e talentos que posúe unha persoa e a fai apta para desenvolver actividades específicas.



**CAPITAL SOCIAL:** é o diñeiro aportado por un conxunto de persoas que conforman unha sociedade ( S.A, S.L, S.Coop= Fondo Social,...)



**CAPITAL NATURAL:** A natureza é fonte de recursos, sumidoiro de residuos e disfruitable en si mesmo (Por exemplo o ar puro)

Capital (K)

**FACTORES DE PRODUCCIÓN: TERRA, TRABALLO E CAPITAL:** factores precisos para a fabricación dun ben ou servizo; o primeiro refírese a natureza e a enerxía (as materias primas), o segundo á man de obra e terceiro aos bens físicos necesarios para realizar a transformación (máquinas, naves...)



Traballo

Terra



ou



**OFERTA:** cantidade de bens e servizos que as empresas venden a distintos prezos no mercado de produtos. Cantidade de



factores que as familias ofrecen no mercado de factores (por ex. Traballo no mercado laboral)


**DEMANDA:** bens e servizos que poden ser adquiridos por un consumidor ou consumidores. Factores que as empresas precisan para a fabricación de bens e servizos.

**ACTIVOS EMPRESARIAIS:** bens tanxibles ou intanxibles que posúe una empresa (os dereitos de cobro)

**PASIVOS EMPRESARIAIS:** débedas ou compromisos que adquiere unha empresa (ou obrigacións de pago)

**PATRIMONIO NETO:** diferenza entre activos e pasivos.

**INVERSIÓN REAL:** inversión en Bens de capital físico que persigue crear riqueza.




**INVERSIÓN MONETARIA:** investir un determinado diñeiro nalgún banco o mercado financeiro, recibindo uns xuros por isto.



**AMORTIZACIÓN:** pérdida ou gasto derivado do progresivo deterioro que sofre o capital.

**BENEFICIOS:** Diferencia entre os ingresos e os gastos.



**INGRESOS:** cantidade monetaria que percibe calquer traballador ou empresario.

**GASTOS:** cantidade monetaria destinada á compra de bens e servizos ou materias primas, enerxía, persoal, amortizacións....




**CONSUMO PÚBLICO E CONSUMO PRIVADO:** gasto das familias na utilización de bens e servizos do Estado ou doutras empresas privadas (sanidade, educación, transporte público...) (alimentos, electricidade etc)



**IMPOSTO PROGRESIVO:** (= IMPOSTO DIRECTO) que pagas en relación á túa renda. Canto máis gañas máis pagas. (Exemplo IRPF)

**IMPOSTO PROPORCIONAL:** (= IMPOSTO INDIRECTO) imposto que non pagas en relación coa túa renda (Exemplo IVA)



**COTIZACIONES:** diñeiro procedente dos salarios que se destina a financiar a Seguridade Social.



Seguridade Social



$$\text{Salario Bruto} = \text{Salario Neto} - \text{Cotizacións}$$

**INVERSIÓN PÚBLICA E PRIVADA:** é aquela transfusión de diñeiro destinada a Bens de capital ou de equipo.




**GASTOS REAIS:** gastos en bens e servizos públicos e privados

**GASTOS DE TRANSFERENCIA:** gastos non reais do sector privado en forma de prestacións sociais, subvencións.



**ACCIONES:** son títulos (Partes iguais nas que se divide o capital dunha Sociedade Anónima) que se poden vender e comprar en Bolsa.

**OBRIGAS E BONOS:** son títulos que emite o Estado ou as empresas para a venta pública co fin de conseguir diñeiro para financiarse. Os compradores recibirán de volta o seu diñeiro e xuros.



**RENDAS DERIVADAS DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL:** o diñeiro que perciben os empresarios chámase beneficio; é a diferenza entre os ingresos e os custos.


**RENDEMENTOS DO CAPITAL MOVILIARIO E INMOVILIARIO:** rendas derivadas da propiedade de accións, obrigas e bonos (moviliario) e/ou casas, locais... (Exemplo: a propiedade dunha casa rural. Produce alugueres e dividendos e tamén da accións)




**RENDEMENTOS DO TRABAJO:** rendas derivadas do traballo (Exemplo salarios)

**PERSOA FÍSICA:** asalariados ou empresarios autónomos que se identifican co seu DNI e pagan o IRPF.

**PERSOA XURÍDICA:** Son entidades que teñen capacidade para actuar como suxeitos e para realizar determinadas accións (Sociedades Mercantís) Pagan o Imposto Sobre Sociedades.





**FINANCIACIÓN ALLEA:** cando uns terceiros (a Banca ou provedores) dotan de diñeiro e de crédito a una empresa, organización ou individuo.

**FINANCIACIÓN PROPIA:** cando a mesma empresa, organización ou individuo reutiliza os beneficios xerados na empresa (autofinanciación).